



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia(10/PNC-003914) (48355) sobre a implantación polo Goberno galego dun modelo de xestión de residuos que aplique o principio de proximidade no territorio, poñendo en funcionamento antes do remate da X Lexislatura as plantas de xesión de lixo orgánico previstas no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que siga apoiando ás entidades locais galegas no exercizo da exclusiva competencia local en materia de recollida selectiva e xestión de residuos domésticos ou urbanos -en especial da fracción orgánica- orientada ao logro dos obxectivos de tratamento establecidos polo vixente Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia, actualizado en decembro do 2016 de conformidade co Plan Estatal Marco de Residuos (PEMAR)".

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2019





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2019 17:55:00
Nº Rexistro: 51728
Data envio: 19/06/2019 17:55:00.276

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/06/2019 17:52:05

Gonzalo Trenor López na data 19/06/2019 17:52:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**Á Mesa da Comisión 2.ª,
Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacóns que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peles de raposo interceptadas nun control da Garda Civil o 19 de febreiro en Ferrol e cos raposos abatidos nos campionatos de caza levados a cabo en Galicia nos meses de xaneiro e febreiro (10/PNC-003749, documento número 46641).

Emenda de adición

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“Elaborar un informe científico de avaliación das densidades e da tendencia das poboacións do raposo en Galicia e dos supostos prexuízos derivados da súa presenza que avalen un control das súas poboacións, dando traslado inmediato dese informe aos grupos parlamentarios. En tanto non se dispoña de datos oficiais, non subvencionar ningún novo campionato de caza do raposo, non apoialo nin participar na súa promoción e/ou desenvolvemento.”

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/06/2019 15:51:49



Xoaquín María Fernández Leiceaga na data **19/06/2019 15:51:58**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa da Comisión 2^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a incidencia que está a ter para as persoas usuarias da estrada OU-636, entre A Pobra de Trives e Freixido, a desaparición, co novo pintado, das zonas de adiantamento que había nas rectas (doc. núm. 48153).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine* o seguinte texto:

“..., sempre e cando se garanta o cumprimento das normas que regulan a distancia de visibilidade mínima necesaria en función da velocidad máxima permitida, co fin de priorizar, en todo caso, a seguridade viaria.”

Pazo do Parlamento, 18 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/06/2019 16:21:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/06/2019 16:22:02

